




*A todas as persoas que, coma min, ás veces non conseguen dicir as cousas.
Sempre poderedes escribir unha historia sobre o tema.*

Cristina Oleby

*Ao meu señor Ribas. O fan máis incondicional deste lado do universo.
De hoxe non pasa que lle recoñeza ese mérito. Quérote un pouquichiño...*

Nuria Nistal

De mañá non pasa

Colección Miau

Primeira edición: febreiro 2026
Título orixinal: De mañana no pasa

© Ediciones Jaguar, 2026
C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: Cristina Oleby
© Ilustracións: Nuria Nistal
Ilustradora representada por IMC, Axencia Literaria
© Tradución: Vanesa López

📘 EdicionesJaguar

✉ @Ed_Jaguar

📺 edicionesjaguar

📖 ediciones_jaguar

THEMA: YBC
ISBN: 978-84-10208-84-1
Depósito legal:
Impreso en España

TODOS OS DEREITOS RESERVADOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.

Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

DE MAÑÁ NON PASA

CRISTINA
OLEBY

NURIA
NISTAL



miau

Asomado á fiestra, o rato Roberto viu como a lagarta
Laura repetía a xogada: tiña a bicicleta aparcada
fronte á porta da súa casa.

Isto obrigábao a desviarse
dous pasos cada vez que saía,
o cal resultaba moi molesto.




QUE DESCONSIDERADA!



Quixo dicirlle algo, pero Laura xa se estaba indo.
O mellor sería erguerse máis cedo ao día
seguinte para chamarlle a atención.

«De mañá non pasa», pensou.



Pero á mañá seguinte Roberto observou a Laura mentres deixaba a bicicleta diante da súa porta e creu que sería demasiado violento dicirllo nese instante. Faríao pola tarde, cando se cruzase con ela; así podería comentarllo nun ambiente máis relaxado, coma quen non quere a cousa.

«Desta tarde non pasa.»

